

A inmigración estranxeira

► Desde os últimos anos do s. XX, España **deixou de ser un país de emigrantes**. As razóns son diversas:



- Maior formación da man de obra, que aspira a mellores empregos...
- Aumento do nivel de vida, que permite ás familias cubrir o desemprego dos mozos...
- Competencia nos países de destino dos inmigrantes procedentes de países menos desenvolvidos, dispostos a traballar por menos cartos...
- O propio desenvolvemento económico de España, necesitado de man de obra...

■ Población extranjera en los principales países de la UE
Porcentaje sobre la población de cada país.


En 1999...y en 2009
Alemania	9,5	España 12,3
Bélgica	9,0	Austria 10,3
Austria	8,4	Bélgica 9,1
Francia	5,6	Alemania 8,8
Países Bajos	4,3	Grecia 8,3
Reino Unido	4,0	Reino Unido 6,6
Italia	2,0	Italia 6,5
España	1,6	Suecia 5,9
Grecia	1,5	Francia 5,8
Suecia	0,6	Países Bajos 3,9
Polonia	0,1	Polonia 0,1



► Desde os últimos anos do s. XX España converteuse **nun país de acollida de inmigrantes**. Tras a entrada na U.E. e a superación da crise económica dos oitenta, o país comezou a converterse en destino dos fluxos migratorios internacionais. En 1985, España só contaba cuns 250.000 residentes estranxeiros, o que supoñía un 0,6% da pob. total. Desde ½ da década de 1980 e, sobre todo desde 1995, o noso país recibiu un elevado volume de inmigrantes e presenta unha das maiores taxas de inmigración do mundo. A conxunción dun descenso da emigración e un aumento sen precedentes da inmigración exterior propiciou que o saldo migratorio fora claramente positivo a partir deses anos oitenta. No ano 2008 había uns 5,2 millóns de inmigrantes, o que supoñía o 11,3% da poboación.



A **prosperidade económica supuxo a necesidade de man de obra**, sobre todo en empregos de baixa cualificación que non eran cubertos pola poboación española. Esa oferta de traballo é a que explica o elevado crecemento da inmigración entre 1995 e 2007, pero tamén resultou importante para explicar a chegada de novos inmigrantes os **procesos extraordinarios de regularización de persoas sen permiso de residencia** feitos entre os anos 2000 e 2005.




Ano	Nº inmigr.	% total pob.
1981	198042	0,52%
1986	241971	0,63%
1991	360655	0,91%
1996	542314	1,37%
1998	637085	1,60%
2000	923879	2,28%
2001	1 370 657	3,33%
2002	1 977 946	4,73%
2003	2 664 168	6,24%
2004	3 034 326	7,02%
2005	3 730 610	8,46%
2006	4 144 166	9,27%
2007	4 428 568	9,93%
2008	5 220 577	11,3%



► **Desde o ano 2008**, o desemprego creado pola crise económica provocou o a progresiva diminución das entradas de persoas estranxeiras e ocasionou o retorno de inmigrantes ao seu país de orixe (apoiado polo *Plan de Retorno Voluntario* posto en marcha polo Goberno español) ou a emigración a outros destinos. Outro dos motivos dese descenso ata a actualidade está no aumento do número de nacionalizacións.

No ano 2008 había uns 5,2 millóns de inmigrantes, o que supoñía o 11,3% da poboación, a comezos do ano 2011 a cifra era de 5,7 millóns, o que viña a ser o 12,2% da pob. total. A partir dese ano **a cifra empeza a reducirse...** e no ano 2015 a cifra foi de 4,7 millóns, o que supón un 10,1% da poboación.



Ano	Nº inmigr.	% total pob.
2008	5220577	11,3%
2009	5598691	12%
2010	5708940	12,15%
2011	5751487	12,2%
2012	5736258	12,1%
2013	5520133	11,7%
2014	5000258	10,7%
2015	4729644	10,1%

España perde poboación pola caída do número de estranxeiros.

O número de foráneos descende en case 300000 nun ano.

O padrón baixa preto de 150000 persoas a 1 de xaneiro de 2015



A poboación de España segue en caída un ano máis, sobre todo pola diminución da poboación estranxeira. O ano pasado a pob. reduciuse en 146954 habitantes, o que sitúa a poboación empadronada, a 1 de xaneiro de 2015, en 46624382 hab, o que supón unha perda do 0,3% con respecto ao ano anterior.

O descenso no número de estranxeiros é o factor que explica a perda de pob. É o cuarto ano consecutivo que baixa, (o maior descenso tivo lugar entre 2013 e 2014, coa perda de 500000 hab.) pero **os 4729644 hab. estranxeiros aínda representan o 10,14% da pob.**

O motivo dese descenso está no menor número de entradas, na marcha de inmigrantes ao seu país de orixe ou a outros países e sobre todo nas nacionalizacións, que tamén axudaron a que o número de españoles inscritos no padrón aumentase. En 2014 cerca de 205000 persoas adquiriron a nacionalidade española.

Dos 4,7 millóns de estranxeiros (10,1% da pob.), case 2,1 millóns proceden de países da UE e os 2,6 millóns restantes de países extracomunitarios. Rumanos e marroquís son as principais nacionalidades residentes en España. Un de cada catro inmigrantes procede deses países, seguidos de lonxe por Ecuador ou China. Eles contribuíron ao rexuvenecemento da pob., pois máis da metade deles ten menos de 40 anos, o contrario do que sucede cos chegados de R. Unido, Alemaña ou Francia.

Reelaborado, elpais.com e 20 minutos, 20 de xaneiro de 2016

► No estudio da inmigración estranxeira a España podemos distinguir **dúas fases** en que non só se produciu un cambio substancial no número de estranxeiros presentes no país, senón tamén na súa composición.


Durante a primeira fase (iniciada nos anos oitenta do século pasado), a maior parte dos estranxeiros residentes en España procedían de occidente, o centro e o norte de Europa. Este continxente respondía basicamente a dúas motivacións:

- Numerosos **xubilados europeos** elixiron España para retirárense e poder gozar do seu clima e estilo de vida. Estes cidadáns concentráronse na costa mediterránea da Península e nos arquipiélagos de Baleares e Canarias, onde seguen representando unha porcentaxe elevada das súas poboacións.

- Outro grupo importante foi o dos **traballadores de certo nivel profesional** que se establecen en España de forma temporal (empregados de multinacionais, profesores, touroperadores...) e que se foron asentando especialmente en Madrid e Barcelona.

- Ademais, existía unha colonia crecente de **marroquís** que comezaron a acudir a España durante esa época na busca de traballo.

Contan, en xeral, cunha folgada situación económica, teñen permiso de residencia e a súa integración é fácil...



Nunha segunda fase, durante a década de 1990 e os primeiros anos do presente século, chegaron ao noso país numerosos inmigrantes de países menos desenvolvidos que España: procedentes de Europa do Leste, así como latinoamericanos e asiáticos, á vez que continuaba o fluxo de norteafricanos e inmigrantes chegados desde o mundo rico, especialmente cidadáns da U.E.


Os inmigrantes proveñen de moi distintos países, pero certas nacionalidades están máis representadas en función da proximidade xeográfica e dos lazos históricos e culturais. Así, a maioría procede agora de América Latina, norte de África e Europa. Entre os primeiros destacan os ecuatorianos, colombianos, bolivianos e peruanos; entre os segundos predominan os marroquís; entre os terceiros, os máis numerosos son agora os romaneses, seguidos de británicos, alemáns, búlgaros, portuguese e italianos. Tamén existe un imp. colectivo de chineses.

Soen ser xente nova que chega na busca de traballo e fuxindo da penuria económica, nalgúns casos son refuxiados políticos... Moitos entran de forma ilegal... Desenvolven os traballos máis duros e peor pagados A súa integración soe ser difícil: inestabilidade e explotación laboral, marxinalidade, rechazo...


REPARTO DO Nº DE INMIGRANTES EN ESPAÑA POR NACIONALIDADES

	2010	% sobre total inmigrantes
Romanía	781.343	13,59%
Marrocos	645.156	11,24%
Ecuador	387.367	6,74%
R Unido	366.379	6,37%
Colombia	292.212	5,09%
Bolivia	206.625	3,59%
Arxentina	187.104	3,25%
Alemaña	178.402	3,10%
Bulgaria	161.599	2,81%
Perú	141.309	2,46%
China	137.020	2,38%
Portugal	125.702	2,18%
Italia	90.337	1,57%
Resto	2.047.179	35,63%


Fuente: INE



A fronteira con maior diferencial de renda per cápita en todo o mundo é a hispanomarroquí. Inevitavelmente, isto supón importantes fluxos migratorios en sentido sur-norte, moitas veces en pateras. Estas travesías, dirixidas e explotadas por traficantes de persoas, cada ano levan consigo centos de vidas humanas. Os acordos de colaboración con países como Marrocos, Mauritania, Senegal...conseguiron frear de forma considerable as actuais chegadas de inmigrantes ilegais.



● Por nación de origen



► EN ESPAÑA


Padrón continuo. Datos de población a 1 de enero de 2014



● Distribución



● Por zona de origen




Elaboración: EL PAÍS
 Fontes: Eurostat e INE

► **Os estranxeiros concéntranse** nas áreas máis dinámicas do territorio español, é dicir, onde hai máis oportunidades de emprego. Destacan especialmente Madrid, xunto co litoral mediterráneo e as illas. Non obstante, os inmigrantes chegaron practicamente a todos os recantos do territorio, se ben a maior parte se concentra nas grandes cidades.

Tamén existe un importante número de estranxeiros, sobre todo africanos, en áreas rurais con agricultura intensiva. Polo tanto, a súa localización espacial está moi relacionada co tipo de traballo que desempeñan.


A crise económica e o saturación do mercado laboral destas rexións provocou algunhas saídas cara ás Comunidades de interior e do Cantábrico.




► En xeral, **os inmigrantes ocupan postos de traballo** que non eran cubertos pola poboación española, polo que non hai propiamente unha situación de competencia coa poboación autóctona. O tipo de traballo está **relacionado en gran medida coa nacionalidade**: os cidadáns do centro e o oeste de Europa ocupan empregos ben remunerados e localízanse sobre todo en Madrid e Barcelona, aínda que tamén en actividades de servizos en áreas turísticas; os hispanoamericanos, ao compartiren un mesmo idioma cos españois, realizan actividades fronte ao público, traballan preferentemente no sector servizos (hostelería, pequeno comercio, servizo doméstico, coidado de persoas dependentes...). Os marroquís e subsaharianos están especialmente representados na construción e a agricultura; os europeos do leste están representados en moi variadas actividades e os chineses dedícanse preferentemente ao comercio.



**% Estranxeiros
afiliados á
Seguridade Social
(en situación de alta
laboral) por sectores
de actividade. 2011**



División por sectores de los trabajadores extranjeros (2009-2015)



Fuente: Randstad a partir de datos del Ministerio de Empleo y Seguridad Social

► *Efectos da inmigración* (completar coa páx. 322) (páx. 319)

Os inmigrantes co seu traballo contribuíron de forma decisiva ao crecemento económico de España nos últimos tempos. Ademais, a chegada de estranxeiros freou o proceso de envellecemento da poboación, xa que entre eles predominan os adultos novos e as súas taxas de natalidade son superiores ás da poboación española. Este feito é importante desde o punto de vista de mantemento do sistema de pensións e seguridade social: coa chegada masiva de inmigrantes prodúcese unha diminución da porporción de poboación dependente, e un aumento do número de contribuíntes. En canto á integración social dos inmigrantes, a situación é moi diferente segundo os colectivos, pois algúns poden integrarse moito máis facilmente ca outros en función da súa procedencia, nivel adquisitivo, lingua, cultura...



¿MENÚ INMIGRACIÓN? MMM,
¿EN QUÉ CONSISTE, CAMARERO?

DE PRIMER PLATO TIENEN INCREMENTO DEL PRODUCTO INTERIOR BRUTO,
AUMENTO DE LAS COTIZACIONES A LA SEGURIDAD SOCIAL, MANO DE OBRA BARATA
Y TODO ELLO ACOMPAÑADO DE UNA MEJORA GENERAL DE LA ECONOMÍA

HUMMS... YO
TOMARÉ ESO

Y YO, Y YO

Y DE SEGUNDO, MÁS RECURSOS EN SANIDAD, EN
EDUCACIÓN, PROGRAMAS DE INTEGRACIÓN SOCIAL Y
MEJORA DE LA VIVIENDA SOCIAL

HUY, YO IRÉ
DIRECTAMENTE
AL CAFÉ

YO TAMBIÉN, TENGO
EL ESTÓMAGO
MUY SENSIBLE
ÚLTIMAMENTE

LA INMIGRACIÓ ÉS
COM ELS COTXES
NOUS, VE AMB
MOLTS EXTRS DE
SÉRIE I UNA
LLETRA CADA MES



faro c-DaCol

faro

www.e-faro.info

LA INMIGRACION ES COMO LOS COCHES NUEVOS, VIENE CON
MUCHOS EXTRAS DE SERIE Y UNA LETRA CADA MES

**EL PP OBLIGARÁ A LOS INMIGRANTES A
RESPECTAR LAS COSTUMBRES ESPAÑOLAS**



FERNÁN


LA INMIGRACION NOS QUITA
LOS PUESTOS DE TRABAJO



Bielby




Pero coa crise...!!!



O Goberno volverá a pedir permiso de traballo aos inmigrantes rumanos.

O Goberno rectifica a decisión tomada en 2008 ante o aumento do paro.

El PAIS.com - 19-07- 2011



Tras a crise iniciada no 2008 o Goberno español puxo en marcha un **Plan de Retorno Voluntario** para aumentar a protección dos traballadores inmigrantes que desexaban volver aos seus países de orixe.

Con esta nova medida, todos aqueles inmigrantes en situación de desemprego e que procedían de países extracomunitarios cos cales España tiña firmado convenios bilaterais en materia de Seguridade Social, podían asegurarse un retorno coas máximas garantías. En primeiro lugar, porque podían cobrar por anticipado toda a súa prestación de desemprego (o cobro sería en dous prazos, o 40% en España e o 60% no país de orixe) e, en segundo lugar, porque podían computar todas as cotizacións realizadas en España no seu país de orixe a efectos da súa pensión futura.

Pero ademais, este Plan lles permitía regresar a España se así o desexaban.



Os traballadores inmigrantes que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser nacionais dalgún dos 20 países extracomunitarios que teñen firmado con España un convenio bilateral en materia de Seg. Social. (Andorra, Arxentina, Australia, Brasil, Canadá, Chile, Colombia, Ecuador, USA, Federación Rusa, Filipinas, Marrocos, México, Paraguai, Perú, R. Dominicana, Tunicia, Ucraína, Uruguai, Venezuela).
- Estar inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego correspondente ou encontrarse en situación legal de desemprego como consecuencia da extinción da relación laboral.
- Ter recoñecido o dereito á prestación por desemprego do nivel contributivo, sen compatibilizalo cun traballo a tempo parcial.

Comprométense a:

- Retornar ao seu país de orixe no prazo máximo de 30 días naturais contados desde a data do primeiro pago da prestación.
- Facelo, no seu caso, na compañía dos familiares reagrupados sen unha autorización de residencia independente.
- Non retornar a España no prazo de 3 anos para residir e/ou realizar unha actividade lucrativa ou profesional.

Si estás pensando en regresar...

PLAN DE RETORNO VOLUNTARIO



Evolución da presenza de inmigrantes en España

Tradicionalmente España foi un país de *emigrantes*, pero a transformación do fenómeno migratorio desde finais dos ano 80 e nos 90 fixo cada vez máis voluminosa a súa presenza no noso país, entre eles figuraban moitos *ilegais*.

Entre os anos 2000 e 2001 tiveron lugar tres procesos extraordinarios que pretendían regularizar a situación dos inmigrantes *clandestinos* que residían en España, para obter a *legalidade* debían acreditar unha permanencia continuada no noso país de alomenos dous anos.



Unha vez concluída esa situación transitoria só sería posible solicitar a legalización por “**arraigo**” (arraigo laboral ou social, reagrupamento familiar). Cando remata o ano 2003 tiñan regularizada a súa situación en España máis de 1.600.000 inmigrantes en España. No ano 2005 fíxose un novo proceso de regularización extraordinario que supuxo a obtención de *papeis* a preto de 700000 inmigrantes.

Inmigrantes contratados en sus países de origen

2006 **TOTAL: 210.052** 2007 (I semestre) **TOTAL: 178.754 solicitudes**

Régimen General y Contingente

■ POR PROVINCIAS

(12 provincias con mayor número de autorizaciones)




■ POR PAÍSES

(10 países con mayor número de autorizaciones)



■ PRINCIPALES SECTORES DE ACTIVIDAD



Régimen General y Contingente

■ POR PROVINCIAS

(12 provincias con mayor número de solicitudes)



■ POR PAÍSES

(10 países con mayor número de solicitudes)



■ POR TIPO DE ACTIVIDAD DEL TRABAJADOR

(Solo Contingente)

TOTAL SECTORES: 17.182



(3 países con mayor número de trabajadores)

Despois dos procesos extraordinarios fíxanse “**cotas de entrada**” para os inmigrantes non comunitarios: “**contrato en orixe**”

O Goberno (de acordo con organizacións sindicais e empresariais) aproba con carácter anual un contingente ou cupo de man de obra no que se fixa o número provisional e as características dos empregos que se ofrecerán aos traballadores estranxeiros non residentes en España, con indicación dos sectores e actividades profesionais. Ao longo do ano se revisarán as cifras e o reparto por sectores, para axustalas á evolución do mercado de traballo. Esas ofertas orientaranse preferentemente cara aos países cos que España ten firmados acordos para regular e ordenar os fluxos migratorios.

Modalidades de presenza en España (páx. 323 do libro) (páx. 320)

Estancia: supón o permiso para permanecer en España por un período máximo de 90 días. Nalgúns casos esa entrada require un visado, pero non no caso de moitos países europeos, latinoamericanos Pasado ese tempo deben pedir unha prórroga ou obter o permiso de residencia.

Residencia: supón a autorización para residir en España durante un período superior aos 90 días e require dispoñer de medios para subsistir. Pode ser **temporal**, que supón a autorización para residir en España por un período superior a 90 días e inferior a cinco anos, ou **permanente**, situación na que se autoriza a residir en España indefinidamente e en igualdade de condicións que os españois. Terán dereito á *residencia permanente* os que teñan *residencia temporal* durante cinco anos de forma continuada.



ABOGADOS DE EXTRANJERIA
¿EN QUÉ PUEDO AYUDARLE?

TARJETA DE RESIDENCIA

807 464 712

* Coste de la llamada 1,18 € / minuto desde fijo - 1,53 € / minuto desde móvil



Poden obter permiso de residencia:

- Estudantes
- Apátridas (carecen de nacionalidade)
- Refuxiados políticos aos que se lles conceda asilo
- Circunstancias especiais, por exemplo:



- Por *arraigo laboral*: se logra demostrar a permanencia continuada en España de alomenos dous anos, e acredite relacións laborais non inferiores a seis meses.
- Por *arraigo social*: é necesario ter un mínimo de 3 anos de empadramento continuado en España, ter un contrato de traballo, solicitar un informe social (Concello onde estea empadroadado) e os antecedentes penais do país de orixe.
- Fillos de pai e nai orixinariamente españois.
- Por razóns humanitarias: vítimas de delito, enfermidades sobrevenidas dificilmente tratables no país de orixe, perigo de perder a vida no caso de volver ao seu país...
- Persoas que colaboren coas autoridades xudiciais, policiais, administrativas...en temas de seguridade nacional ou interese público.
- Por reagrupamento familiar...



**Foro de
ARRAIGO SOCIAL**

807 464 712

ABOGADOS DE EXTRANJERIA
¿EN QUÉ PUEDO AYUDARLE?

* Coste de la llamada 1,18 € / minuto desde fijo - 1,53 € / minuto desde móvil



Reagrupamento familiar:

Mediante o *reagrupamento familiar* os estranxeiros con residencia legal en España poden solicitar que se reúnan con eles os seus familiares, pero deberán demostrar medios suficientes para mantelos.

Poden reagrupar:

- O seu cónxuxe
- Os fillos ou os do cónxuxe, incluídos os adoptados, sempre que sexan menores de 18 anos ou estean discapacitados e non estean casados.
- Os ascendentes ou os do cónxuxe, cando estean ao seu cargo e sexan dependentes economicamente.



Foro de Reagrupación Familiar

807 464 712

ABOGADOS DE EXTRANJERIA
¿EN QUÉ PUEDO AYUDARLE?

* Coste de la llamada 1,18 € / minuto desde fijo - 1,53 € / minuto desde móvil



► Como obter a nacionalidade española?

1 AÑO

NACIDOS EN ESPAÑA

TUTELADOS POR PERSONA O INSTITUCIÓN ESPAÑOLA DURANTE 2 AÑOS

CÓNYUGES DE ESPAÑOLES

VIUDO DE ESPAÑOL

HIJO O NIETO DE ESPAÑOL ORIGINARIO

NACIDOS EN ESPAÑA

EL QUE NO LA SOLICITÓ DEBIDAMENTE

2 AÑOS

IBEROAMERICANOS, FILIPINOS,
ANDORRANOS, ECUATOGUINEANOS,
PORTUGUESES Y SEFARDÍES

5 AÑOS

REFUGIADOS

10 AÑOS

DEMÁS
SUPUESTOS



Obter a **nacionalidade española por residencia** esixe a permanencia da persoa en España durante dez anos de forma legal, continuada e inmediatamente anterior á petición. Ademais o interesado deberá acreditar bo comportamento cívico, e suficiente grao de integración na sociedade española.



NOVEDADES EN LA SOLICITUD DE LA NACIONALIDAD ESPAÑOLA



Homologación de Títulos Extranjería



Lic. Larissa López C.

ENTRADA EN VIGENCIA APROX. PARA EL 2015

- Registro, Tramitación y Notificación Telemática.

- Dejará de ser gratuito; indistinto de su concesión o no.

Solicitud, seguimiento y notificación a través de internet. Sin cita previa

Tasa de 75-€, tal y como se establece para los sefardíes.

Procedimiento digital y automatizado; puede resolverse en menos de un año.

Define parámetros objetivos para concesión de nacionalidad. Exentos los de habla hispana

- Trámite por Registradores Propiedad o Notarios. Plazos mas cortos.

Test o examen de Nacionalidad en Instituto Cervantes.

<http://www.lzcextranjeria.wix.com/lzcextranjeria>